

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ILLA DE ONS  
CURSO: 4º ESO  
MATERIA: MÚSICA  
DEPARTAMENTO: MÚSICA  
DATA: 6 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Ensaia e interpretar, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.	Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
	Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.
Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.	Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais ou improvisar música.
	Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.
Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.	Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
	Le e analiza partituras ou musicogramas, esquemas rítmicos, etc, como apoio á audición.
Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.	Emprega un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.	Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.
Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.	Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.	Realiza traballos sobre a evolución da música popular.
	Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.
Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.	Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.
Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía.	Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.
	.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Recollida da información referida ó alumnado, tanto da súa conectividade ás clases, como da súa participación e implicación no desenvolvemento das mesmas. Ademáis, faise un seguemento das actividades realizadas, entregadas e detalladas nas aplicacións correspondentes, establecidas previamente co alumnado.
	Instrumentos: Informáticos, coas aplicacións Meet para a realización de clases virtuais; e Classroom para o seguemento e especificación de todas as tarefas enviadas e que teñen que ser realizadas polo alumnado.
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Terase en conta as notas numéricas da primeira e segunda avaliaciós; e contarase de xeito positivo, todo o traballo desenvolvido durante a terceira.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	A proba de setembro constará dunha serie de exercicios moi similares ós das probas desenvolvidas e traballadas ó longo do curso, tratadas na primeira e segunda avaliaciós e reforzadas na terceira.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación: Non hai alumnos con materia pendente
	Criterios de cualificación: Non hai alumnos con materia pendente
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non hai alumnos con materia pendente

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Na terceira avaliación, estanse levando a cabo una serie de actividades que intentan recoller, de xeito máis global posible, o repaso e reforzo de todos aqueles contidos, tanto teóricos como prácticos, vistos das avaliacións anteriores. Nalgún caso moi puntual, poderase ampliar algunha parte dos contidos, sempre que axuden a reforzar e estean relacionados co impartido nas avaliacións anteriores. No caso de alumnos que necesiten recuperar algunha das avaliacións anteriores, enviarase individualmente unha serie de tarefas a entregar puntualmente nas datas indicadas por parte do profesor, para, no seu caso, poder recuperarse.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	A metodoloxía levada a cabo na terceira avaliación, é fundamentalmente telemática, para reforzar contidos, aclarar dúbidas e explicar as tarefas a desenvolver. Haberá clases por videoconferencia e todas as actividades serán detalladas, explicadas e entregadas mediante as aplicacións informáticas previamente establecidas co alumnado. Farase un seguemento de ambas cousas. Aqueles alumnos que non tivesen conectividade, por mediación do seu titor e familia correspondentes, enviaríase por correo ordinario todo o material necesario e manteríase contacto telefónico semanalmente con todo aquel alumnado afectado.
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Explicación, repaso e reforzo dos contidos tratados mediante as clases.</p> <p>Envío de apuntes para reforzar e repasar os bloques tratados, nos casos necesarios.</p> <p>Envío dunha webgrafía, con recursos telemáticos para desenvolver nalgunhas actividades de interese para o alumnado.</p> <p>Envío de exercicios de repaso e reforzo</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O procedemento que se emprega para informar ó alumnado é fundamentalmente telemático, no desenvolvemento das clases por videoconferencia; así como a especificación de tarefas e seguemento das mesmas mediante Classroom. A través do seguemento semanal de asistencia e entrega de tarefas, infórmase directamente ós titores que fan chegar ó alumnado e as súas familias, a información directa correspondente a cada alumno.
<b>Publicidade</b>	A través da web do centro